

Marisol Mendive Zabaldica, órgano.

Licenciada en Ciencias da Educación pola Universidade de Barcelona, realiza estudos de órgano cos profesores J. L. González Uriol (Zaragoza) e M. Torrent (Grado Superior, Barcelona). Participa en numerosos cursos de perfeccionamento dirixidos polos profesores Daniel Roth, Andreas Arand, Michael Radulescu, etc. Traballou durante varios anos como Organista e directora do Departamento de Música do Santuario de Torreciudad (Huesca).

A súa actividade como concertista desenvólvese en numerosas capitais españolas e diversas cidades de Italia (Roma, Aosta), Bruselas (Brujas); Suíza (Lausanne, Neuchatel), Croacia (Humag), Noruega (Oslo), Portugal (Lisboa, Porto, Coimbra), Alemaña (Colonia, Münster, Berlín, Würzburg, Hildesheim, Ratingen, Dornum), México (Saltillo), Madeira (Ponta do sol).

Na actualidade forma parte do equipo interdisciplinar que está realizando a Catalogación completa dos órganos de Galicia; proxecto financiado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Dende o ano 2004 é Profesora de Órgano do Conservatorio Profesional de Música de Ourense e Directora Artística do Ciclo de Órgano de Xunqueira de Ambía (Ourense). Recentemente ten impartido cursos de música antiga española en Oporto (Portugal) e Lausanne (Suíza).

Preside a Asociación de Amigos do órgano "Un rato no tubo", de recente creación. Esta Asociación nace co propósito de converterse nun elemento dinamizador para a sensibilización da cidadanía en valores como a conservación, o coñecemento e a protección e restauración /rehabilitación do patrimonio organístico de Galicia.

Rubén Freire Bermúdez, trompeta.

Nace en Vilalba no ano 1980. Comeza os seus estudos musicais de solfeo e trompeta con 8 anos da man de Pepe Guntín Mato na Banda de Música de Vilalba e logo no Conservatorio con José Rodríguez Ramos, trompeta solista da Banda Municipal de A Coruña.

Con 18 anos trasládase ao CMUS de Coruña onde acada o Título de Profesor con Andrés Vales e máis tarde ingresa no CSM de Valencia e obtén o Título de Profesor Superior coas máis altas calificacións da man de José María Ortí Soriano.

Dende o ano 1997 ten pertencido ou ten sido invitado a participar en Orquestas como a Orquesta Joven de la Orquesta Sinfónica de Galicia, a JONDE, a EUYO, a Orquesta Sinfónica de Galicia ou a Orquesta Nacional de España.

Ten participado en cursos con profesores como Juan Carlos Alandete, Vicente Martínez da ONE, Phil Smith da New York Philharmonic, Fred Mills (Canadian Brass) ou Tamas Valency da Berliner Philharmoniker.

No ano 2003 obtén en Concurso oposición unha praza para o Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas e, dende entón, ten traballado nos Conservatorios de Música de Puertollano (Ciudad Real) e Ourense.

PROGRAMA

H.Purcell

Sonata n^o 1 en re menor ()*
Allegro pomposo.
Andante maestoso.
Allegro ma non tropo.

F.Mendelsohnn

*Pasacaglia do menor (**)*

L. Mozart

Concierto en re menor ()*
Adagio.
Allegro

E. Gigout

*Toccata (**)*

G.F.Haendel

Sonata en Fa Mayor ()*
Adagio.
Allegro.
Andante.
Allegro.

(*) Trompeta e Órgano

() Órgano**